

C

Compostela  
Cultura

---

AUDITORIO DE GALICIA

**REAL**  
**FILHARMÓNIA**  
**DE GALICIA**

2018 → 2019

---

**XOVES 24**  
**XANEIRO 2019**

**20.30 h**

**Auditorio Abanca**

**Enrico Onofri** Director e Violín





---

# PROGRAMA

---

## I

### **WOLFGANG AMADEUS MOZART (1756-1791)**

Sinfonía núm. 10 en Sol maior, KV. 74 (8')

*Allegro*

*Andante*

*Allegro*

### **GIOVANNI BATTISTA SAMMARTINI (1700-1775)**

Sinfonía en La maior, J-C 62 (12')

*Presto*

*Andante piano*

*Presto*

### **FRANZ JOSEPH HAYDN (1732-1809)**

Concerto para violín en Sol maior, Hob.VIIa (21')

*Allegro moderato*

*Adagio*

*Finale: Allegro*

Enrico Onofri, violín

## II

### **WOLFGANG AMADEUS MOZART (1756-1791)**

Sinfonía núm. 39 en Mi bemol maior, KV. 543 (29')

*Adagio - Allegro*

*Andante con moto*

*Menuetto: Allegretto*

*Allegro*

---

Duración aproximada do concerto: 1 hora e 25 minutos

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

---

# REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

---

## Director artístico titular

Paul Daniel

## Principal director invitado

Jonathan Webb

## Director asociado

Maximino Zumalave

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Jonathan Webb o principal director convidado. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo. A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG é financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

---

### VIOLÍNS I

Andoni Mercero  
(concertino)  
Adriana Winkler  
(axuda de concertino)  
Anca Smeu \*\*  
Claudio Guridi  
Ilya Fisher  
Anna Alexandrova  
Michal Ryczel  
Victoria Jurov  
Ildikó Oltai  
Yulia Petrushevskaya  
Daniel Kordubaylo

### VIOLÍNS II

Grigori Nedobora \*  
Nikolay Velikov \*\*  
Elina Viksne  
Gyula Vadaszi  
Enrique Roca  
Samira Ajkic  
Helena Sengelow  
Kiyoko Ohashi  
Irina Gruia

### VIOLAS

Tilmann Kircher \*  
Natalia Madison \*\*  
Timur Sadykov  
Ionela Ciobotaru  
Anne Schlossmacher  
Teresa Cardoso (R)

### VIOLONCELLOS

Plamen Velev \*  
Barbara Switalska \*\*  
Carlos García  
Ailsa Lewin  
Thomas Piel  
Millán Abeledo

### CONTRABAIXOS

Carlos Méndez \*  
Alfonso Morán \*\*  
Oriol Xicart

### FRAUTAS

Laurent Blaiteau \*

### ÓBOES

Christina Dominik \*  
Esther Viúdez \*\*

### CLARINETES

Beatriz López \*  
Vicente López \*\*

### FAGOTES

Juan Carlos Otero \*  
Manuel Veiga \*\*

### TROMPAS

Alfredo Varela \*  
Xavier Ramón \*\*

### TROMPETAS

Javier Simó \*  
Ramón Llátser \*\*

### TIMBAL

José Vicente Faus \*

### CLAVE

Diego Fernández (R)

---

## **ENRICO ONOFRI**

### **Director e violín**

#### **Fundador e Director do Ensemble Imaginarium**

Nacido en Rávena, a súa carreira comeza cunha invitación de Jordi Savall para ser concertino de La Capella Real. Desde entón tocou con ensembles como o Concentus Musicus Wien, o Ensemble Mosaics ou o Concerto Italiano, sendo concertino e solista de Il Giardino Armonico desde 1987 a 2010. En 2002 debuta como director con grande éxito e aplauso da crítica. A partir dese momento dirixiu ensembles e orquestras por toda Europa, Xapón e América. Entre 2005 e 2013 é director principal de Divino Sospiro, ensemble residente do Centro Cultural de Belém en Lisboa, ano no que crea o ensemble Imaginarium para interpretar o repertorio barroco italiano.

Actúa nos auditorios máis importantes do mundo como o Musikverein e Konzerthaus de Viena, Mozarteum de Salzburgo, Philharmonie e Unter den Linden Operahouse en Berlín, Alte Oper en Frankfurt, Concertgebouw en Ámsterdam, Teatro San Carlo en Nápoles, Carnegie Hall e Lincoln Center en Nova York, Wigmore Hall e Barbican Hall en Londres, Tonhalle de Zúric, Théâtre des Champs-Élysées e Théâtre du Châtelet en París, Auditorio Nacional en Madrid, Oji Hall en Tokio, Osaka Symphony Hall, Colón de Buenos Aires; e con artistas como Nikolaus Harnoncourt, Gustav Leonhardt, Christophe Coin, Cecilia Bartoli ou Katia e Marielle Labèque.

---

Na temporada 2012/13 dirixe a orquestra da Ópera de Lyon e inmediatamente é convidado a dirixir outro concerto a temporada seguinte e *Orfeo e Eurídice* de Gluck en 2015. Dirixe tamén unha serie de concertos coa Orquestra de Cámara de Basilea, que o volve convidar para dirixir unha xira e gravacións discográficas. Dirixe con asiduidade a Orquestra Barroca de Sevilla, Camerata de Berna, Festival Strings de Lucerna, Orquestra de Kanazawa, Cipango Consort de Tokio e orquestras como a Real Orquestra Sinfónica de Sevilla, Orquestra de Auvernia, Orquestra da Ópera de Lyon ou a Orquestra de Cámara de Basilea. Foi artista residente do Ambronay Festival 2014.

Moitas das súas gravacións con Teldec, Decca, Naïve, Astrée, Deutsche Harmonia Mundi/Sony, Passacaille, Winter & Winter, Virgin, Opus111 ou Zig Zag Territoireset Nichion recibiron prestixiosos galardóns internacionais, entre eles o Premio Gramophone, Gran Premio de Discophiles, Boto Deutsche Schallplattenpreis, Premio Caecilia, Premio Fundación Cini de Venecia, Nouvelle Académie du Disque e numerosos Diapason d'Or, Choc de la Musique e 10 Répertoire.

Desde 2000 é profesor de violín barroco e interpretación de música barroca no Conservatorio Bellini de Palermo e é convidado con regularidade a impartir clases maxistras en Italia, Xapón e Europa. Recentemente foi convidado pola Julliard School de Nova York.

---

## Wolfgang Amadeus Mozart (1756-1791)

Mozart tiña catorce anos cando viaxaba co seu pai por Italia e escribiu esta pequena *Sinfonía núm. 10*, que, comezada en Milán durante o Entroido, foi rematada uns meses máis tarde en Boloña. Por iso non resulta estraño que esta escrita enlazando os dous primeiros movementos ao estilo dunha abertura italiana da época (nun principio pensouse que a compuxera como abertura da súa ópera *Mitridate*), sen o apoio de trompetas e timbais e mantendo a forma dos tres movementos. O *Allegro* presenta unha estrutura moi sinxela -propia dun rapaz aínda que prodixioso-, sen desenvolvemento dos seus dous temas contrastantes. Marcado como introdución, iníciase con acordes intensos e chamativos, como para sinalar o inminente comezo dun drama. O segundo grupo temático dota de expresividade afectiva o movemento. A sección de desenvolvemento é unha transición mínima á recapitulación. Sen pausa, aparece o *Andante*, cheo de vibrantes rechouchíos de paxaros e suxerindo o murmuro dos regatos, mentres que estruturalmente toma a forma dun maxestoso minueto. O último movemento é un breve e enxeñoso rondó de sabor francés, ofrecido polo violín, que xoga coa síncopa e o *pizzicati* e cuxo segundo episodio contén a primeira referencia mozartiana do que se chamará 'estilo turco', cos seus ritmos característicos como saltos melódicos repentinos, ritmos fortes, un acompañamento estático e percusivo para violas e baixos.

A *Sinfonía núm. 39* é a primeira das obras da gran triloxía que escribe no verán de 1788, xunto ás número

---

40 e 41 e que supoñen a culminación do clasicismo formal vienés desenvolto polo colosal legado sinfónico de Haydn, deixando unha vía aberta para o posterior romanticismo dos compositores centroeuropeos. Aínda que a situación persoal do compositor nesa época puidera inducir a pensar nun acento expresivo confundible cos principios creativos do Romanticismo, non existe ese 'sentimento romántico' nas últimas sinfonías, máis ben un halo trágico e impetuoso que se desprende da beleza íntima da composición musical. Presentada en catro movementos, como as sinfonías *Linz* ou *Praga*, a partitura abre cun *Adagio* ao gusto de Haydn, de introdución lenta, cuxa solemnidade vén subliñada polos ecos de trompetas e timbais que precede a un *Allegro* de dous temas de velados perfís; cálido e delicado o primeiro e dialogado entre ventos e violíns o segundo. O *Andante con moto* non deixa de ser unha marcha con estrutura de rondó de lirismo sosegado e comedido. A elegancia contrapuntística e intensidade expresiva dominan o discurso, cargado de sombríos agoiros. Unha das páxinas máis belas escritas por Mozart é este Minuetto, con evocacións rítmicas do *Allegro* inicial, no que o trío central protagonizado polo clarinete é un *ländler* -danza austríaca precursora do vals- adornado de irresistible tenrura. Sen apenas solución de continuidade, o espírito inqueda dos movementos terminais haydnianos asoman no final, no que os primeiros violíns presentan o enérxico tema principal, que irrompe na orquestra ata chegar a unha cadencia chea de entusiasmo, resumo da xovialidade da peza.



---

## Giovanni Battista Sammartini (1700-1775)

Nacido no seo dunha familia de músicos italianos de orixe francés, G. B. Sammartini foi prolífico compositor, mestre de coro e profesor de alumnos como Gluck, no que influíu musicalmente tanto como en Mozart cando era un rapaz. As súas sinfonías mostran os comezos dun cambio entre a abertura sinxela e curta das óperas cara a unha nova seriedade e desenvolvemento temático que anticipa a obra de compositores como Haydn ou o propio Mozart. Entre elas, encóntranse as máis antigas con data coñecida, exactamente en 1732, e comeza a distanciarse do estilo barroco para anticiparse ao clásico. Nos seus manuscritos -sobreviviron 67 das 71 sinfonías- nótase que empeza a separación das liñas melódicas das violas das dos violíns, divide frases entre primeiros e segundos violíns e independiza os violoncellos. Ademais, nos movementos extremos das súas obras utiliza a forma sonata. A *Sinfonía en La maior* (1750) está composta para orquestra de cordas, descendendo do estilo de Vivaldi, empregando a súa propia forma de transición que dará lugar ao clasicismo. De estrutura moi simple en tres movementos, comeza cun *Presto* centrado en primeiro lugar na tríada tónica e un desenvolvemento, antes do retorno do tema principal na recapitulación. Segue un contrastado *Andante* de carácter cromático, introducindo harmonías orixinais para finalizar cun *Presto assai* que inicialmente mantén un patrón similar ao primeiro movemento, mentres que no final presenta un movemento en forma de *minuetto*.

---

## Franz Joseph Haydn (1732-1809)

Mentres o mozo Mozart afrontaba as súas primeiras viaxes europeas, Joseph Haydn escribía, en 1769, o seu *Concerto para violín e orquestra en Sol maior*. O primeiro movemento *Allegro moderato*, de carácter sosegado sen perder o dinamismo, responde a unha forma de sonata clásica e presenta un tema fluído que brota dun agudo acorde de apertura. O material rítmico é introducido de forma concisa pola orquestra e logo retomado polo solista, que lle dá un tratamento aínda máis ornamentado nesa escritura característica de Haydn; despois dunha pausa para a cadencia, a orquestra faise cargo da verdadeira e breve recapitulación. O material temático principal do *Adagio*, que ben podería lembrar unha aria de ópera, describe unha curva ascendente e descendente que será desenvolva ao longo de todo o movemento. O *Allegro* final ten un carácter *giocoso* e extrovertido que imita o estilo emotivo de C. P. E. Bach; trátase dun rondó monotemático moi esixente para o solista pois a melodía do violín debe moverse áxil e lixeira.



---

**Xoves 31 de xaneiro**

**20,30 h**

**Alto drama**

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA  
Manuel Hernández-Silva, director  
Berna Perles, soprano

W. A. Mozart, *A Fruta Máxica. Abertura*  
W. A. Mozart, *Misera, dove son, KV 369*  
*[Escena e Aria]*  
L.v. Beethoven, *Ah! Pérfido [Escena e Aria]*  
*op. 65*  
R. Schumann, *Sinfonía núm. 3 en Mi bemol maior, op. 97 "Renana"*

**19:45 h**

Conversando con ... Manuel Hernández-Silva

**Xoves 7 de febreiro**

**20,30 h**

**Funny Face**

CICLO DE PIANO ÁNGEL BRAGE  
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA  
Paul Daniel, director  
Kun-Woo Paik, piano

G. Gershwin, *Funny Face. Abertura*  
M. Ravel, *Concerto para piano en Sol maior*  
W. Walton, *Sinfonía núm. 1 en si bemol menor*

**19:45 h**

Conversando con ... Paul Daniel

---



CONSORCIO DE  
SANTIAGO



GOBIERNO  
DE ESPAÑA



CONCELLO DE  
SANTIAGO



XUNTA  
DE GALICIA



AUDITORIO DE GALICIA



Deputación  
DA CORUÑA

### AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n  
15705 Santiago de Compostela

### DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)  
T 981 542 349 (Teatro Principal)

### OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

[www.rfgalicia.org](http://www.rfgalicia.org)  
[www.compostelacultura.gal](http://www.compostelacultura.gal)



RealFilharmoniadeGalicia  
CompostelaCultura



@rfgalicia  
@CCultura